

# Crónicas de Hogwarts

## Primeiro día en Hogwarts (ou case)

En canto entramos ao andén 9<sup>3/4</sup> sabíamos que iba a ser algo moi especial. Na expreso de Hogwarts coñecémonos, Gael, André, Diego e eu (Paula), sen saber que chegaríamos a ser da mesma casa.

Chegamos a Hogwarts e subimos os baules (mochilas en linguaxe muggle).

Arriba atopámonos con Hagrid, que estaba cara o lago escuro, quen nos axudou a cruzar o lago xa que éramos de primeiro ano.

Despois de enfrontarnos a innumerables perigos chegamos ao castelo de Hogwarts, tan radiante coma sempre, pasamos ao gran comedor, alí atopábanse os profesores, vestidos coas súas mellores túnicas. O sombreiro mandounos aos catro a griffinlin despois de enumerar cualidades nosas.

## Mais información

No dormitorio falamos da nosa sorte mentres colocabamos as nosas cousas, fomos comer e mais tarde, despois de facer algúns xogos tivemos tempo libre e os griffinlin dedicámonos a traballar no bordón da patrulla.

Despois recollemos paus para facer unha actividade coa navalla, a cal consistía en tallar unha piqueta.

Tras moito tempo de tempo libre e a creación dos cinco (esa xa é outra historia) cenamos no gran comedor e para a nosa sorpresa fixemos unha velada.

## O arte de durmir

Xa de noite falamos (en contra das normas) da sorte que tivemos mais dalgunhas anécdotas do día .

## O resto...

O resto é de supoñer: entre veladas ,quidditch,partidas as cartas e tenieblas ,clases de pocións (relacionadas con roubos ós centauros["tos falsa"Snape "tos falsa"]) ,rutas e destrución de horrocruces UPS! ESO NON DEVERIA HABELO DITO !!!!!!!!!!!

(para os magos que ledes esto son asuntos que concirnen ao ministerio de maxia)

Entrando no tema do quidditch a ultima maña pasámola xogando ao quidditch, as varcoiras eran dun modelo antecedente da Nimbus 1999, parecía que iban a fasoil, entre tanto a snich era difícil de localizar o que fixo o xogo mais entretido .

Tamén houbo unha ruta na que por mor dunha brúxula enfeitizada (en lingua muggle: que estaba mal magnetizada) perdémonos. Na ruta obtivemos (grazas a Gael e Diego) pócema agudizadora do inxenio, (grazas a André) unha pista e (grazas a min[Paula]) a espada de griffinlin.

Con eso axudámonos para abrir un cofre en forma de tres libros apiñados e destruímos o anel dos Gaunt.

Botamos de menos algunha clase de defensa contra as artes escuras e de encantamentos.

## Promesas

Aproveitando este campamento nestas datas algúns dos nosos compañeiros (incluíndo o meu curmán Aldán) aproveitaron para facer a promesa.

## Despidome

A estancia en Hogwarts foi moi agradable.

E así remata o noso capítulo o demais depende das outras casas

Despidome pero non sen antes dicir aos muggles que len este artigo que e pura ficción inventada por min, @s meig@s so lles digo.

"Draco dormiens nunquam titillandus"

## Pausa

Patrulla linceas.

Guardiana de lendas.